

## XBRL: UNHA PROPOSTA DE TRADUCIÓN AO GALEGO DA TAXONOMÍA IAS-PFS<sup>1</sup>

FERNANDO RUIZ LAMAS / ANXO R. CALVO SILVOSA / CARLOS PIÑEIRO SÁNCHEZ  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais  
Universidade da Coruña

*Recibido:* 28 de setembro de 2004

*Aceptado:* 9 de novembro de 2004

---

**Resumo:** A extensión no emprego de Internet como medio para a comunicación de información financeira impón a necesidade dun mínimo de normalización na súa presentación, de maneira similar ao que veu sendo a súa formulación en papel. A todo isto engádese que nos atopamos nunha etapa de harmonización da normativa contable empregada nos diferentes países, baseada fundamentalmente nas denominadas Normas Internacionais de Contabilidade ou Normas Internacionais de Información Financeira (NIC/NIIF). Con todo, a normalización debe estenderse á linguaxe empregada nas distintas tarefas de captación, procesamento e transmisión dos datos; de aí que xurdise unha proposta de linguaxe estandarizada para a transmisión de información financeira como XBRL (eXtensible Business Reporting Language), e que o International Accounting Standards Board (IASB) desenvolvese unha taxonomía coas etiquetas desta linguaxe para definir os diferentes epígrafes dos estados financeiros obrigatorios. A posibilidade de examinar automaticamente os devanditos epígrafes en diferentes linguas require a existencia de traducións que os identifiquen correcta e univocamente en calquera idioma. Así, a Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas (AECA) desenvolveu a tradución ao castelán da devandita taxonomía; neste traballo preséntase unha proposta de tradución a outra das linguas oficiais de España, como é o galego.

**Palabras clave:** XBRL / IASB / Taxonomía / Información financeira.

### **AXRL: A PROPOSAL TO TRANSLATE IAS-PFS TAXONOMY INTO GALICIAN LANGUAGE**

**Abstract:** Increasingly use of Internet as a way of financial reporting transmission demands a minimum degree of normalization in its disclosure, as it occurs with a paper format. In addition, we are now facing an harmonization process of the accounting regulation issued by different countries, based upon the International Accounting Standards or International Financial Reporting Standards (IAS/IFRS). But normalization must be spread to the software language used in the different stages of collecting, processing and transmitting data. As a result, a proposal of standardised language like XBRL (eXtensible Business Reporting Language) has emerged in order to transmit financial reporting, and the International Accounting Standards Board (IASB) has already developed a taxonomy with the labels of this software language which identifies the different items of the normalized financial statements. Seeing those items automatically translated into any language from any country is now available; which demands the correspondent translation of the items to identify them properly and correctly. For that reason, the Asociación Española de Contabilidad y Administración de Empresas (AECA), has made the translation of the aforementioned taxonomy into Spanish. In this work we show a proposal of translation into another official language of Spain, as it is the Galician language.

**Keywords:** XBRL / IASB / Taxonomy / Financial reporting.

---

## 1. INTRODUCIÓN

Coñecer a situación económica e financeira das diferentes unidades económicas e a súa evolución constitúe unha necesidade básica para que os diferentes axentes

---

<sup>1</sup> International Accounting Standards - Primary Financial Statements.

involucrados na súa actuación tomen decisións correctas e conduzan a unha asignación eficiente de recursos. A obriga de presentar información financeira xustifícase, xa que logo, polo seu carácter de ben público: como tal, pode ser utilizada e, polo tanto, pode beneficiar a axentes que non contribúen a financiar o custo derivado da súa elaboración. Ademais, pode ser empregada por máis dun usuario, co que non existe rivalidade ningunha para acceder a ela. Estas circunstancias conducen a que o emisor sexa, en principio, remiso a producir voluntariamente información. É por isto polo que se obriga ás empresas e a outras organizacións a elaborar e a difundir información financeira, e a empregar certos formatos normalizados ou tipificados que facilitan a análise destes datos e a súa comparación, tanto transversal como temporal.

As empresas formulan os seus estados financeiros seguindo unhas pautas comúns debidamente tipificadas ou normalizadas, tanto no tocante á clasificación e avaliación dos seus elementos como ao seu recoñecemento como elementos patrimoniais; é dicir, no momento no que se verifican as condicións para que un feito ou operación deveña no rexistro dun activo, dun pasivo, dun ingreso ou dun gasto. A normalización dos estados financeiros refírese, xa que logo, á unificación das prácticas contables seguidas na súa elaboración e presentación. Esta normalización lógrase en última instancia mediante un proceso de regulación, con independencia de que se dite dende instancias gobernamentais ou dende desde foros de natureza profesional<sup>2</sup>.

A cuestión circunscríbese á denominada Contabilidade Financeira, entendida como fonte de xeración e difusión de información financeira preferentemente orientada cara ao exterior, fóra dos límites da entidade responsable da elaboración e presentación da devandita información. Isto xustifícase porque os usuarios externos, en particular os investidores, están nunha posición de inferioridade a respecto dos usuarios internos, os xestores da empresa, quen teñen un acceso directo á información que eles mesmos producen; é por isto polo que se estima necesaria unha normativa que asegure que a información recibida polos usuarios externos posúa un contido e uns requisitos mínimos de calidade. Por outra banda, os propios axentes implicados na elaboración e na interpretación da información –contables, auditores, analistas de crédito, analistas de valores, etc.– apoian a regulación contable porque así diminúe o seu risco profesional e persoal.

A normalización ten por obxecto definir os criterios xerais que deben guiar o rexistro dos feitos económicos co fin de asegurar que os estados contables son representativos e de facer posible o seguimento e a comparación das magnitudes

---

<sup>2</sup> As entidades competentes para emitir normas contables adoitan ser clasificadas en públicas e privadas, ou de carácter profesional. Esta división emprégase como un dos criterios que establecen categorías nos diferentes “sistemas contables” (*sic*), (Jarne, 1997, p. 91), entendidos como áreas que se rexen por marcos de normalización contable homoxéneos.

contables desde unha perspectiva temporal e/ou transversal por parte dos usuarios externos. A noción subxacente é que, con independencia do seu papel á hora de xustificar contas ante os propietarios<sup>3</sup>, a información contable en xeral e os estados financeiros en particular serven aos intereses de múltiples axentes que, dentro e fóra da empresa, empregan a información financeira para tomar decisións e avaliar as súas relacións coa organización<sup>4</sup>. É por isto polo que o regulador especificou detalladamente o formato, a estrutura, e o contido informativo dos estados financeiros que a empresa debe dar a coñecer.

A definición actual destes documentos é unha solución conciliadora coa que se pretende proporcionarlles aos usuarios externos máis relevantes un nivel *suficiente* de información, limitando a un nivel *razoable* o esforzo esixido á entidade emisora. Precisamente por iso, os estados contables –en particular as contas anuais– non atenden por completo as esixencias de información de ningún dos usuarios externos.

Como consecuencia, os usuarios externos deben someter a información contable a un procesamento previo no que se depuran os elementos irrelevantes –en termos da súa perspectiva de traballo–, se adaptan o formato e o nivel de detalle e se integran datos procedentes doutras fontes para incrementar a súa representatividade. Un problema inherente a esta estratexia é a ineficiencia do proceso de comunicación: os datos contables convértense nun formato estándar sobre papel e, a seguir, son novamente informatizados polo destinatario mediante un proceso manual; ás cargas directas derivadas destas actividades engádeselles o custo indirecto causado pola difusión indiscriminada de información que non sempre é relevante para os obxectivos do destinatario.

No seo do modelo contable actual, a comparabilidade está asemade limitada polas disparidades entre as normas vixentes nos diferentes países ou áreas económicas, o que lles dificulta aos nacionais a interpretación dos estados financeiros elaborados por entidades estranxeiras conforme ás súas respectivas regulacións contables domésticas. Esta circunstancia constitúe un freo para a distribución eficiente dos recursos dos investidores nun mundo no que, cando menos nas economías máis desenvolvidas, existe un elevado grao de liberdade canto ao movemento de capitais.

Resulta, polo tanto, lóxico que nos últimos anos os responsables da política económica da Unión Europea (UE) impulsasen un proceso de harmonización in-

---

<sup>3</sup> Unha das razóns principias que explican o desenvolvemento da contabilidade financeira, e das propias contas anuais, é a disociación entre a propiedade e a xestión; en particular, cómpre que o propietario poida controlar as accións do xestor e avaliar o rendemento económico do seu investimento, máis especificamente a *capacidade de xeración de fluxos de caixa no futuro* (FASB, 1978; ASB, 1999).

<sup>4</sup> Esta perspectiva teleolóxica, firmemente asentada nos informes Trueblood (1973) e *The Corporate Report* (ASSC, 1975), implica recoñecer na información contable un valor unicamente relativo, que debe ser posto en relación cos obxectivos individuais dos destinatarios da devandita información.

ternacional no ámbito contable<sup>5</sup>, adoptando o cadro normativo do International Accounting Standards Board (IASB),<sup>6</sup> unha institución de carácter privado responsable da emisión das denominadas Normas Internacionais de Contabilidade (NIC). Espérase que esta decisión contribúa ademais a acelerar a converxencia coa normativa hoxe en vigor nos países de América do Norte, singularmente coas normas emitidas nos Estados Unidos pola Securities and Exchange Commission (SEC) e polo Financial Accounting Standards Board (FASB).

A mellora no proceso de comunicación de información financeira está a ser, sen dúbida ningunha, favorecida polo emprego de Internet como canle de transmisión. Como resultado do anterior, xorde a necesidade de desenvolver e xeneralizar o uso dunha linguaxe estándar no intercambio de datos económico-financeiros transmitidos ao longo da World Wide Web; a normalización facilitaría tanto a elaboración dos datos –eliminando o procesamento previo por parte da empresa emisora–, como a súa incorporación aos modelos de decisión empregados polos usuarios externos. Esta linguaxe estándar é o denominado XBRL (*eXtensible Business Reporting Language*).

O propio IASB desenvolveu unha taxonomía (Taxonomía IAS-PFS) que identifica, mediante unha etiqueta, cada dato que cómpre incluír nos estados financeiros que, segundo as NIC, a empresa debe formular. O idioma empregado orixinalmente no etiquetado é o inglés, pero XBRL nace coa vocación de universalidade xa que logo, co fin de que os usuarios poidan acceder a unha información denominada uniformemente no seu propio idioma, cómpre dispoñer dunha única tradución oficial dos diferentes estados financeiros asociados a cada etiqueta<sup>7</sup>. A Comisión de Novas Tecnoloxías e Contabilidade da Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA), que actúa como xurisdición provisoria de XBRL para España, traduciu ao castelán a Taxonomía IAS-PFS, e polo de agora queda pendente a súa tradución ao resto dos idiomas oficiais do Estado. Neste traballo pretendemos elevar á devandita Comisión unha proposta de tradución ao galego, xa que resulta obvio que para a normalización da publicación de información financeira a través de Internet, calquera que sexa o idioma empregado, débese comezar unificando a terminoloxía; só así resultarán plenamente eficaces a harmonización das normas de elaboración e presentación dos estados financeiros e a esixencia da súa aplicación uniforme.

---

<sup>5</sup> O proceso iniciouse no Cumio Europeo de Lisboa de marzo de 2000, tras a aprobación do Plano de Acción de Servizos Financeiros.

<sup>6</sup> A decisión de adoptar as Normas Internacionais de Contabilidade fíxose firme coa aprobación do Regulamento (CE) n° 1606/2002 do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de xullo de 2002. A adopción definitiva das Normas Internacionais de Contabilidade vixentes a 14 de setembro de 2002 –agás as números 32 e 39, en espera de reforma– produciuse coa aprobación do Regulamento n° 1725/2003 da Comisión de 29 de setembro de 2003.

<sup>7</sup> Da mesma forma que foi preciso desenvolver unha tradución oficial ao castelán das NIC adoptadas pola Unión Europea, publicadas no *Diario Oficial da Unión Europea (DOUE)* de 13 de outubro de 2003.

## 2. NORMALIZACIÓN DO REPORTING DIXITAL

A distribución de información contable e financeira esixe ademais un medio de transmisión da información eficaz, eficiente e económico entre as entidades que elaboran a información e os seus diferentes usuarios. Neste sentido, o emprego de Internet como medio de comunicación supuxo un avance radical, xa que fai posible unha mellora na relevancia da información, ao ser esta máis oportuna, sen que isto supoña unha perda de flexibilidade (Serrano, 1996, p. 146), cando menos no que respecta aos estados financeiros normalizados<sup>8</sup>. Este avance púxose de manifesto co seu uso cada vez máis frecuente –o número de empresas que teñen a súa propia páxina web crece sen cesar– e polo incremento exponencial na cantidade e na calidade da información financeira que se transmite por este medio<sup>9</sup>. Como consecuencia, os principais organismos reguladores están a se ocupar do tema co obxecto de asegurar tamén unha presentación normalizada da información financeira subministrada por esta nova canle<sup>10</sup>. A este respecto, cítase como primeiro borrador o emitido polo International Accounting Standards Committee (IASC)<sup>11</sup> co nome *Business Reporting on the Internet*, publicado en novembro de 1999 (Sevillano e Molero, 2001, p. 37). En España, a Lei 26/2003, de 17 de xullo, pola que se modifica a Lei 24/1988 do mercado de valores, e o texto refundido de la Lei de sociedades anónimas, a efecto de reforzar a transparencia das sociedades anónimas cotizadas, introduce a obriga para estas entidades de dispoñer dunha páxina web para facer posible o exercicio, por parte dos accionistas, do dereito á información e para difundir a información considerada como relevante por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV). Esta norma foi desenvolvida polo apartado cuarto da Orde ECO/3722/2003, de 26 de decembro, no tocante ao contido mínimo da páxina web; non se citan expresamente as contas anuais, pero si os “documentos relativos ás xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, con información sobre a orde do día, as propostas que realiza o consello de administración, así como calquera información relevante que poidan precisar os accionistas para emitir o seu voto, dentro do período que sinale a CNMV”. Por outra banda, é importante salientar, para os efectos do tratado neste traballo, que a devandita orde faculta á CNMV para determinar as especificacións técnicas da publicación da información que se incluírá na páxina web. Cabe esperar que a regulación xa descrita contribúa a incrementar de maneira significativa o contido e a calidade da infor-

<sup>8</sup> Sobre os problemas de fiabilidade doutros datos financeiros comunicados mediante Internet, pode consultarse o traballo de Del Cid (2002).

<sup>9</sup> Unha relación dos primeiros estudos empíricos publicados sobre o tema pode examinarse en Gandía (2001, p. 17) e en Bonsón *et al.* (2002, p. 184).

<sup>10</sup> Un primeiro exemplo das posibilidades de Internet para presentar a información financeira normalizada esixida polo FASB foi o realizado por Upton en 1998; este traballo incluíuse como apéndice III ao Informe Jenkins, orixinalmente publicado polo *American Institute of Certified Public Accountants* (AICPA, 1994).

<sup>11</sup> Organismo hoxe substituído nas súas funcións polo IASB.

mación financeira en Internet no tocante ás sociedades cotizadas en España xa que, segundo o *Informe sobre el contenido corporativo y financiero de las web de las sociedades cotizadas*, publicado pola CNMV en novembro de 2003, só o 38,8% das empresas permite acceder en Internet a unha copia completa das contas anuais<sup>12</sup>.

Pero a normalización da información financeira difundida a través de Internet non debe cingirse exclusivamente ao formato e ao contido. O *output* informativo recibido polos usuarios debe ser ademais susceptible dunha manipulación sinxela e pouco custosa. Isto non acontece na actualidade na meirande parte dos casos, xa que a información que figura nas webs das diferentes compañías non é directamente importable pola ampla variedade de aplicacións informáticas empregadas polos usuarios: follas de cálculo, xestores de bases de datos, programas estatísticos, procesadores de texto, etc. Por sinalar un exemplo, a web da Comisión Nacional do Mercado de Valores ofrece as contas anuais completas das empresas que emiten valores negociables na Bolsa española, pero exclusivamente en formato PDF<sup>13</sup>, o que dificulta a súa posterior manipulación. Este é o problema de recoñecemento e tratamento de datos ao que pretende dar resposta o XBRL.

## 2.1. A NECESIDADE DUN ESTÁNDAR DE COMUNICACIÓN

Tecnicamente, o problema crítico é a ausencia dunha norma estándar para a identificación e o procesamento dos datos contables primarios; desta maneira, os datos xestionados polos sistemas transaccionais da entidade emisora non poden ser procesados directamente polas aplicacións empregadas polos usuarios finais dos devanditos datos, o que fai necesario mobilizar a información a través de documentos en papel. A alternativa consiste en desenvolver un estándar que, empregado de maneira uniforme no proceso de elaboración e difusión da información contable, simplifique tanto o desenvolvemento de estados contables como o acceso a calquera dato individual, de maneira transversal e/ou como serie temporal.

Un estándar como o descrito permitiría establecer unha comunicación directa entre o subsistema contable da entidade emisora e as ferramentas de axuda á decisión (DSS) empregadas polos usuarios, tanto internos como externos; na medida en que iso fose conveniente, o diálogo entre ámbolos sistemas podería ser automático, de maneira similar a como os sistemas transaccionais interactúan no seo de sistemas de intercambio electrónico de datos (EDI), e sería posible superar as ineficiencias e os *estreitamentos* causados pola intervención manual.

---

<sup>12</sup> O estudo inclúe a todas as sociedades admitidas a cotización, agás as sociedades de investimento mobiliario (SIM) e as sociedades de investimento mobiliario de capital variable (SIMCAV).

<sup>13</sup> É posible acceder directamente ás contas anuais completas e ao informe de auditoría das empresas que emiten valores admitidos a negociación na Bolsa española na seguinte dirección: [http://www.cnmv.es/consultas/reg\\_ofi\\_ent\\_emisoras/cuentas\\_anuales/auditorias/DPAU2.HTM](http://www.cnmv.es/consultas/reg_ofi_ent_emisoras/cuentas_anuales/auditorias/DPAU2.HTM).

Cabería aventurar que os principais beneficiados da normalización dos protocolos para o *reporting dixital* son os usuarios externos, quen poderán xerar localmente os seus propios estados contables, de forma automatizada e con posibilidade de actualización regular. Con todo, as súas vantaxes esténdense tamén aos propios xestores da empresa que, a pesar de dispoñer dos recursos proporcionados polos sistemas de xestión (MIS), non sempre teñen acceso a un fluxo constante e actualizado de información económico-financeira. A adopción dun estándar uniforme para o sistema corporativo de información ofrece vantaxes innegables en termos de compatibilidade e de transparencia, de forma análoga a como a adopción de TCP/IP e da tecnoloxía web supuxeron un avance substancial no valor de negocios das redes locais –das LAN ás Intranets– e na integración de diferentes fontes de datos no seo do *software* ofimático.

Tampouco poden obviarse os beneficios derivados da normalización no caso das tarefas cooperativas e das organizacións deslocalizadas, cuxas unidades económicas –e os propios departamentos responsables da xestión financeira– poden radicar en lugares remotos; a normalización de protocolos e/ou linguaxes implica que, unha vez que os datos foron incorporados aos sistemas transaccionais, están á disposición de calquera usuario na Intranet ou na propia rede corporativa –sen prexuízo das oportunas limitacións que por razóns de seguridade ou confidencialidade se poidan establecer–, e implica tamén que estes usuarios poidan acceder con transparencia a eles mediante as súas propias aplicacións, e sometelos a procesamento sen necesidade de manipulación previa.

Un beneficio indirecto da normalización é o incremento –potencial– da calidade da información contable, máis especificamente a posible intensificación dos controis realizados tanto polos servizos de control interno como pola auditoría externa. A apertura integral do subsistema contable aos responsables da súa supervisión ofrece extraordinarias posibilidades para o emprego de recursos de auditoría baseada en ordenador, incluíndo aplicacións baseadas en intelixencia artificial, como sistemas expertos ou redes de neuronas artificiais, capaces de seguir un proceso de *aprendizaxe*. A oportunidade radica neste sentido tanto no desenvolvemento de novas probas substantivas como no reforzamento da súa exhaustividade, xa que a automatización do proceso permite tratar con mostras de maior tamaño, realizar probas comparativas baseadas noutras fontes de información e utilizar métodos estatísticos e econométricos que poderían proporcionar evidencias indicativas de erros ou irregularidades no proceso de rexistro.

### 3. XBRL E A TAXONOMÍA IAS-PFS

XBRL é o acrónimo inglés de *eXtensible Business Reporting Language*; é dicir, *linguaxe extensible de información empresarial*. Constitúe unha adaptación da lin-

guaxe de programación informática XML (*eXtensible Markup Language*) que pretende erixirse en estándar mundial para a transmisión por Internet de información financeira regulada. O seu desenvolvemento orixinouno unha iniciativa do *American Institute of Certified Public Accountants* (AICPA) á vista dos estudos desenvolvidos polo seu grupo de traballo de novas tecnoloxías relativos á utilización da linguaxe XML na elaboración de información financeira susceptible de ser difundida mediante Internet. Xorde así a creación dunha sublinguaxe específica para a información de carácter financeiro, coa denominación inicial de XFRML (*eXtensible Financial Reporting Markup Language*), e rebautizado como XBRL en abril de 2000.

En xullo de 2000 decidiuse constituír un consorcio para a difusión do XBRL como estándar mundial para a elaboración de información financeira en formato dixital. Como consecuencia, comezan a se crear as denominadas xurisdicións locais, encargadas de desenvolver taxonomías adaptadas ás diferentes normativas contables; en España é a Asociación Española de Contabilidade e Administración de Empresas (AECA) quen ostenta la xurisdición provisoria dende febreiro de 2002 (AECA, 2003, p. 28).

### 3.1. O ETIQUETADO XBRL

En XML cada termo ou dato delimitase entre unha dupla de etiquetas ou marcas, da seguinte forma:

<Concepto-que-representar>Dato</ Concepto-que-representar>

O etiquetado é unha característica común das linguaxes de marcado ou, en termos máis amplos, das metalinguaxes; con todo, a finalidade das marcas é moi diferente en cada caso. En HTML<sup>14</sup>, a linguaxe empregada para o desenvolvemento de páxinas web, as etiquetas expresan o formato no que o navegador do usuario debe presentar cada dato –tipo de letra, tamaño, color, etc.–; no seu momento, HTML foi deseñado para formatar páxinas en pantalla ou impresora empregando un sub-conxunto limitado de metadatos, polo que non é adecuado para enunciación de outras expresións de metainformación. Pero, o que é máis importante para a nosa perspectiva de traballo, HTML non distingue expresamente entre datos (contido) e formatos; desta maneira, os datos publicados en formato web estándar só poden recuperarse empregando procedementos manuais, tales como a importación e posterior depuración da páxina.

A diferenza da linguaxe HTML, en XML o contido e a súa presentación están claramente separados; esta propiedade é extraordinariamente interesante para os

---

<sup>14</sup> HTML, *HyperText Markup Language*.

obxectivos da comunicación financeira, xa que fai posible o tratamento de datos individuais –en lugar de documentos– e a súa tradución inmediata a diferentes idiomas, con plena independencia do formato externo de presentación.

Unha segunda propiedade de interese é a estrutura xerárquica coa que se organizan os elementos dun documento XML: defínese un elemento raíz, do que dependen todos os demais a través de elos de asociación ou pertenza. En termos da información financeira, o *aniñamento* pode asociarse facilmente ao concepto de *nivel de agregación* da información, e garda un claro paralelismo coa organización sistemática dos elementos e masas patrimoniais.

XBRL recolle as especificacións en canto á estruturación e transmisión de datos financeiros e contables. Como sublinguaxe de XML, rexistra cada dato mediante unha parella de etiquetas que non expresan a súa aparencia externa, senón a súa identificación; cada dato queda designado e diferenciado de maneira inequívoca, polo que pode ser transmitido e manipulado automaticamente por calquera plataforma e aplicación de usuario compatible co estándar.

Por exemplo, un saldo de 1.000 euros do activo do balance dunha empresa quedaría etiquetado así en XBRL:

```
<Assets>1000</Assets>
```

A súa visualización sería, en inglés:

Assets: 1.000 euros

ou en galego:

Activo: 1.000 euros

O etiquetado pode ademais dotarse dunha estrutura xerárquica, opción que posúe un obvio e relevante interese dende o punto de vista da representación de información contable. Por exemplo, un saldo de 10.000 euros na conta de terreos, dentro do inmovilizado material, presentárase así:

```
<Assets>
  <Property, plant and equipment>
    <Land>
      10000
    </Land>
  </Property, plant and equipment>
</Assets>
```

Esta característica fai de XBRL unha linguaxe “*extensible*”; é dicir, que pode empregarse para incluír subcontextos de interese específica para usuarios concre-

tos da información. Podemos definir un grao ou nivel concreto de privacidade para cada usuario concreto, de maneira que este poida descargar datos ou xerar documentos adecuados ás súas necesidades –ou aos seus dereitos subxectivos–. A discriminación é unha condición necesaria da estratexia informativa da empresa, xa que proporciona as condicións para equilibrar a necesaria privacidade dos datos confidenciais e competitivos co dereito de información xa discutido. En suma, XBRL permite empregar os recursos corporativos baseados en Internet como una base de datos ao servizo dos usuarios.

### 3.2. AS TAXONOMÍAS XBRL

Os esquemas XML correspondentes a subconxuntos de datos que se refiren a unha categoría homoxénea de información –neste caso, a información financeira e contable– reciben o nome de *taxonomías*. As primeiras taxonomías de XBRL recollían os datos contidos nos diferentes estados financeiros que as empresas deben presentar obrigatoriamente; máis recentemente desenvolvéronse tamén taxonomías para outra información financeira non recollida nas contas anuais.

A existencia de taxonomías é unha condición *sine qua non* porque dota á linguaxe de homoxeneidade, de universalidade, definindo os *elementos* do esquema e as súas propiedades; desta maneira, cada dato susceptible de ser incluído no fluxo de información financeira é designado cunha etiqueta que o identifica de maneira unívoca e inequívoca.

Suposta a existencia deste marco conceptual previo, XBRL permite presentar instantaneamente os estados financeiros, calquera estado intermedio ou os resultados dunha análise económico-financieira personalizada, expresados en calquera divisa e en calquera idioma, sempre e cando se verifiquen dúas condicións: que a normativa baixo a que se desenvolveu o proceso contable conte coa súa propia taxonomía adaptada, e que se dispoña da oportuna tradución dos epígrafes aos que se refire cada etiqueta; é dicir, dunha equivalencia normalizada entre as etiquetas en ámbolos idiomas.

O IASB aprobou en novembro de 2002, baixo o nome de Taxonomía IAS-PFS, a relación definitiva de etiquetas para designar os ítems que hai que incluír nos denominados estados financeiros principais (*Primary Financial Statements*): balance, conta de resultados, estado de fluxos de efectivo e estado de variación no patrimonio neto<sup>15</sup>.

O contido mínimo obrigatorio destes *estados financeiros principais* está recollido na NIC número 1; con todo, á parte do prescrito neste documento, a empresa

---

<sup>15</sup> Con anterioridade, o FASB americano completara a taxonomía correspondente aos estados financeiros que as empresas industriais e comerciais deben render de acordo cos pronunciamentos. Con todo, para os efectos das empresas españolas e europeas, dada a adopción pola UE das Normas Internacionais de Contabilidade, o noso interese céntrase lóxicamente na tradución da taxonomía aprobada por esta institución.

debe engadir calquera outra información que deba ser comunicada, de acordo co establecido en todas e en cada unha das distintas normas internacionais de contabilidade en vigor. Por iso, a Taxonomía IAS-PFS –descrita no anexo deste traballo– conta cun total de 752 etiquetas.

O proceso de harmonización internacional da normativa contable en torno ao estándar desenvolvido polo IASB permitiu avanzar moito máis rapidamente no desenvolvemento e na aprobación dunha primeira taxonomía para os estados financeiros. En efecto, na medida en que as diferenzas nas respectivas normativas contables empregadas polas empresas diminúen, evítase ter que desenvolver novas taxonomías adaptadas.

Resta, porén, a cuestión da tradución das etiquetas aos distintos idiomas empregados polos usuarios.

#### 4. TRADUCIÓN DAS ETIQUETAS

Como se indicou no apartado anterior, o emprego de XBRL na recompilación de datos e na posterior elaboración de información financeira permite traducir automaticamente a calquera idioma os estados financeiros normalizados de calquera empresa. A taxonomía foi redactada orixinalmente en inglés, polo que as etiquetas que identifican cada ítem empregan este idioma. Con todo, para os efectos de acceder aos datos en calquera idioma, cómpre dispoñer dunha tradución do contido descritivo de cada etiqueta. Así, a etiqueta número 4 da Taxonomía IAS-PFS, *NonCurrentAssets* é, en inglés, *Non Current Assets* e, por exemplo, en galego sería, *Activos non correntes*.

Para traducir ao galego o contido descritivo das etiquetas da Taxonomía IAS-PFS cómpre, en primeiro lugar, revisar as Normas Internacionais de Contabilidade para entender así o significado e o contido dos diferentes epígrafes que aparecerán nas contas anuais. Estas normas son regularmente traducidas ao castelán polo propio IASB, pero a devandita tradución non ten carácter oficial. Si o ten a realizada pola UE no tocante aos estados integrantes da Unión, á que xa fixemos referencia en páxinas anteriores. Pero, obviamente, non existe unha tradución oficial ao galego das NIC. Se tomamos como referencia as traducións realizadas ao castelán, achamos bastantes diferenzas entre a realizada polo IASB e a aprobada pola UE. A primeira emprega unha terminoloxía máis propia de países iberoamericanos, nos que a linguaxe financeira está altamente influída polo inglés americano. A tradución efectuada por la UE adáptase máis á terminoloxía empregada tradicionalmente en España, pero incorpora tamén numerosos anglicismos. Cremos que algo similar se produciu noutra lingua directamente emparentada co galego, como é o portugués<sup>16</sup>.

---

<sup>16</sup> Pódese acceder á tradución ao portugués das Normas Internacionais de Contabilidade adoptadas pola UE na seguinte dirección: [http://europa.eu.int/eur-lex/pri/pt/oj/dat/2003/l\\_261/l\\_26120031013pt00050053.pdf](http://europa.eu.int/eur-lex/pri/pt/oj/dat/2003/l_261/l_26120031013pt00050053.pdf).

Sirva como exemplo a tradución dos termos “*current*” e “*non current*” en referencia á clasificación dos activos e pasivos do balance. Tradicionalmente en castelán expresaban aos activos e pasivos circulantes e fixos, pero na tradución oficial aparecen como “*correntes*” e “*non correntes*”. E se acudimos á tradución ao portugués figuran tamén como “*correntes*” e “*não correntes*”. A tradución ao castelán da Taxonomía IAS-PFS desenvolvida por AECA presenta un problema engadido: o feito de se basear na tradución que o IASB fixo das NIC, xa que se completou antes de que se publicase a tradución oficial da UE.

En suma, para os efectos de traducirmos ao galego a Taxonomía IAS-PFS afrontamos o dilema de respectar no posible a terminoloxía tradicional<sup>17</sup>, facendo caso omiso dos novos tecnicismos importados do inglés, ou ben asumir estes últimos no mesmo grao no que o fixeron as traducións oficiais a outros idiomas. A este respecto, debemos ter en conta tamén que o que se pretende, en último termo, é facilitar a lectura dos estados financeiros de calquera empresa de calquera país por calquera usuario de calquera país, polo que resulta comprensible –aínda que non sempre xustificable– a homoxeneización de certos termos.

A Taxonomía IAS-PFS obxecto de tradución divide as etiquetas segundo os epígrafes que se presentarán nos diferentes estados financeiros denominados principais (balance, conta de resultados, estado de fluxos de efectivo e estado de variación no patrimonio neto), equivalentes ao que hoxe entendemos por estados contables das contas anuais. Con todo, se temos en conta a posibilidade de formular balances intermedios, referidos a períodos máis curtos e comprendidos dentro do exercicio económico anual, a denominación de estados financeiros *principais* parece máis axeitada. No tocante aos formatos de estados financeiros principais pódese consultar a NIC 1 (IASB, 1997a), incluíndo os seus apéndices, nos que se recollen exemplos de diferentes formatos de presentación. Asemade na propia taxonomía podemos atopar unha referencia á norma e ao apartado dos que se deriva a existencia de presentación de cada ítem<sup>18</sup>.

Os epígrafes do balance de situación van dende o número 2 ata o número 161. Aparecen en primeiro lugar os activos, por orde de menor a maior liquidez. A diferenza do que sucede no modelo actual de balance, e como é costume nos países anglosaxóns, o inmovilizado material precede ao inmaterial. Asemade, o concepto de tesourería inclúe outros medios líquidos equivalentes, en particular certos activos financeiros de moi elevada liquidez e risco desprezable, considerados no actual Plan Xeral de Contabilidade español como investimentos financeiros temporais. A partir do número 79 recóllense os epígrafes correspondentes ao pasivo, em-

---

<sup>17</sup> Debemos ser conscientes tamén do que denominamos terminoloxía tradicional en galego, á súa vez bastante influenciada polo castelán e polo portugués.

<sup>18</sup> O contido completo da Taxonomía IAS-PFS está dispoñible na seguinte dirección: <http://www.xbrl.org/taxonomy/int/fr/ias/ci/pfs/2002-11-15/>.

pezando polo patrimonio neto, que inclúe con signo negativo as accións propias. Os formatos de estados financeiros son válidos tanto para contas individuais como para consolidadas, polo que figuran tamén epígrafes como a participación de intereses minoritarios ou socios externos.

Do número 162 ao número 250 recóllense os epígrafes correspondentes á conta de resultados, comezando a relación polo seu remate; é dicir, polo saldo da conta e continuando en orde inversa á presentación habitual. Así, aparecen en primeiro lugar os ingresos e os gastos extraordinarios e o imposto sobre as ganancias, e en último termo os ingresos e os gastos de explotación; canto a estes últimos prevé unha clasificación de acordo con criterios funcionais e de natureza. A seguir inclúense os epígrafes relacionados coas distintas formas de cálculo das ganancias por acción, información que debe acompañarse á conta de resultados, de acordo co establecido no parágrafo 47 da NIC 33 (IASB, 1997b).

Os números 258 a 410 refírense ao estado de fluxos de efectivo, que se formulará de acordo coa NIC 7 (IASB, 1992). A lista comeza polo saldo final en balance do exercicio e outros medios líquidos equivalentes, así como a variación rexistrada no exercicio; a seguir figuran os apartados correspondentes aos fluxos de efectivo por actividades ordinarias ou de explotación, presentados tanto polo método directo como polo indirecto ou de conciliación –os axustes correspondentes recóllense do número 275 ao 334–. Os fluxos de efectivo por actividades de investimento van do número 344 ao 386, e entre o 387 e o 408 sinálanse os fluxos de efectivo por actividades de financiamento.

A relación remata co epígrafe relativo ao impacto das variacións dos tipos de cambio sobre os saldos de efectivo e outros medios líquidos equivalentes, e o seu saldo inicial. O primeiro destes epígrafes explica as posibles diferenzas entre a conversión dos fluxos de efectivo en moeda estranxeira e a dos saldos en balance destas mesmas contas.

Do número 411 ao 718 recóllense os epígrafes correspondentes ao estado de variación no patrimonio neto, que ten o seguinte contido mínimo obrigatorio:

- a) A ganancia ou perda neta do período (derradeira liña da conta de perdas e ganancias).
- b) Cada unha das partidas de gastos, ingresos, perdas ou ganancias que, segundo o establecido nas NIC, se carguen ou aboan directamente ao patrimonio neto sen pasar pola conta de perdas e ganancias, así como o importe total destas partidas.
- c) O efecto acumulado dos cambios nas políticas contables e na corrección de erros fundamentais (importantes ou significativos).

Engádense epígrafes adicionais referidos a outros contidos susceptibles de se comunicar dentro do estado de variación no patrimonio neto ou nas notas da me-

moria. De acordo co establecido no parágrafo 86 da NIC 1 (IASB, 1997a), estas últimas refírense aos seguintes aspectos:

- a) Ás operacións de capital cos propietarios e á distribución de beneficios.
- b) Ao saldo das ganancias ou perdas acumuladas ao principio e o remate do exercicio, con explicación dos seus movementos ou variacións ao longo do dito exercicio.
- c) Unha conciliación individualizada entre o valor contable ao inicio e ao remate do exercicio para as diferentes clases de capital social, prima de emisión e reservas.

A relación remata cos números 718 a 752, relativos aos epígrafes do balance de situación segundo a clasificación alternativa dos elementos do balance, de acordo co establecido no parágrafo 53 da NIC 1 (IASB, 1997a). Esta norma permite omitir a presentación dos activos e pasivos correntes como categorías separadas, sempre e cando se siga un criterio xenérico de clasificación atendendo ao grao de liquidez, e se presenten por separado as contas a cobrar e a pagar que, na data de elaboración do balance, teñan vencementos inferior e superior a doce meses.

## 5. CONCLUSIÓNS

Obviamente, contar cunha linguaxe estándar para a transmisión de datos de información financeira mediante Internet resulta de grande utilidade para todos os usuarios destes datos. Os investidores e os seus analistas financeiros, as entidades de crédito, a Administración Tributaria, as centrais de balances e outros institutos de estatística poderán empregar directamente os datos nas súas aplicacións sen necesidade de axustalos ou reelaboralos. Pero tamén os emisores da información, así como os auditores, resultan beneficiados ao reducirse o custo e o tempo de elaboración: os datos, unha vez introducidos e convertidos en formato XBRL polas aplicacións transaccionais da empresa, xa estarán a disposición das aplicacións de apoio á decisión, e tamén dos sistemas de xestión empregados na preparación dos diferentes documentos derivados do proceso contable: contas anuais, papeis de traballo do auditor, impresos fiscais e laborais, cuestionarios da Central de Balances<sup>19</sup>, informes internos, etc.

Tendo en conta as diferentes necesidades dos usuarios, a redución no tempo e o custo de elaboración da información faría viable a confección dun maior número

---

<sup>19</sup> As diferentes centrais de balances europeas dispoñen xa dun borrador de cuestionario adaptado aos formatos de presentación derivados das NIC; nos seus epígrafes indícase de maneira expresa se contan ou non cunha etiqueta XBRL. O borrador, distribuído coa denominación *Standard Format (IASB-XBRL Core Taxonomy)*, pode descargarse na seguinte dirección: <http://www.bde.es/cenbal/colabora/coeucbot.htm>.

de documentos personalizados, orientados cara a usuarios concretos, e nos que se desenvolvan polo miúdo os ítems das contas anuais que resulten de maior interese en termos dos seus obxectivos individuais –todo isto sen prexuízo de que no futuro a organización poida abrir o seu sistema de información para que certos usuarios externos teñan acceso directo a bloques ou segmentos específicos de datos contables a través de elos de intercambio electrónico de datos–. Así, por exemplo, para os efectos de solicitarlle un crédito a unha entidade bancaria, a empresa podería investir máis tempo en seleccionar aqueles datos que mellor permitan avaliar a súa solvencia. Este procedemento é, sen lugar a dúbidas, tamén atractivo para os usuarios xa que limita as consecuencias desfavorables da sobrecarga de información e facilita a toma de decisións.

Xa que logo, é previsible unha rápida difusión do estándar e que o proceso de implantación conte co respaldo das institucións públicas –en particular a Administración Tributaria– e das entidades financeiras, xa que ambas as dúas institucións procesan un inxente volume de datos económicos e financeiros de persoas e empresas. Tamén as propias compañías, como responsables da elaboración e da presentación da información, poden atopar atractiva a adopción dun estándar que reduce o custo de elaboración da documentación.

